

# Libertaria

Teresa MOURE

Agora falarei de Libertaria, a cidade que habito. Ao entrares, verás que alí non chegaron aínda as bebidas enlatadas nin a moda da última tempada porque os camiños están cortados a chupe e as convencións esvaran sen arraigaren. En Libertaria non hai reloxos, nin festas de aniversario porque ninguén lembra cando naceu nin moito menos a ninguén pode parecerlle importante sinalar a data dun momento tan crítico esquecendo, poñamos por caso, o cheiro do ambiente, o sabor da saliva ou o que primeiro viu en tal circunstancia.

En Libertaria, por suposto, ninguén fala inglés; quizais porque os seus habitantes sexan xentes caladas, ávidas de escoitaren; quizais porque entenden os relatos do transeúnte na música que os fixo e, cando deciden abrir a boca, as palabras xorden anovadas, como acabadas de inventar. Abofé que as xentes libertarias están sempre a inventar linguas novas e distintas, que han de ensinar a quen pasar, aínda sabendo que a lingua creada durará só un día posto que, de durar máis tempo, comezaría a podreecer. Porque co uso, as palabras libertarias, igual que todas as cousas, esgazan, van limando asperezas e perdendo a seguranza inicial do significado e acaban por esvaececer sen que ninguén saiba xa a que refiren. Ao se inventaren cada día, as palabras libertarias pasean por riba de quen as escoita, instálanse na súa mente e mesmo lle soban o corpo e, nese caso, as xentes din que están a facer o amor coas palabras. En tales ocasións, cando as palabras intiman con quen fala, non é raro contemplar o fulgor das cousas axexando baixo as etiquetas con que as denominan: a quentor morna do mamífero latexa na palabra leite, un aroma a forno de leña asoma fuzadamente na palabra pan, unha refoleada de aire ousado e alegre sopra desde a palabra in-de-pen-den-cia. En Libertaria, cando ás palabras lles rachan as costuras, rapidamente cosen palabras novas. Iso pasou, por exemplo, o ano pasado coas palabras rematadas en “o”, que apareceron todas desgastadas polo mes de febreiro, logo dun inverno moi duro. A asemblea decidiu coselas con “@”, para reciclar as que aínda valían rematadas en “o” e aproveitar, nun uso común, as

rematadas en “a”: alongando cun rotulador o rulo que saía a cada letra puideron moi ben seguir funcionando e tod@s foron amig@s, namorad@s, cativ@s, querid@s, extravertid@s e nada convencionais.

En Libertaria as institucións non resisten debido a un exceso de humidade ambiental. Aínda que iso non preocupa moito aos seus habitantes, en honor da verdade non falta quen as pendura a secar en medio da roupa lavada porque disque, ben aireadas e pasadas, poden vivir tanto tempo como un ser humano. Mais a humidade gozosa de Libertaria inunda todo: o pan adoita estar brando e ás crianzas médranlles flores e brión nos sobacos. Libertaria semella un xardín tropical, ou un invernadoiro para orquídeas, ou o corpo dunha muller que agarda ser amada, ou algo máis provocador que todas estas cousas xuntas.

Se chegares a Libertaria, sorprenderase de que as mulleres florezan como lirios e os homes teñan as mans suaves: como non teñen que mentir con palabras deformes nin contar o paso dos días, poden dedicarse a acompañaren os ríos na baixada ou a varrerem a praia. As árbores forman parte das familias e as crianzas axudan a soste o peso das pólas das sobreiras anciás, que escoitan os problemas cunha reverencia e unha atención vexetais. Porque en Libertaria as familias poden elixirse e a ninguén lle toca aturar unha relación que non é satisfactoria. Hai familias compostas por cinco mulleres amigas, ou por un home vello e dúas mulleres novas con quen non cohabita, ou por unha nai e os seus fillos. E a eses grupos vanse engadindo quen pasar, se quixer e fose benquerido, xa sexa amante ou amado, grande ou pequena, a dúas patas, a catro, ou con raíces mergulladas no chan. Os días festivos podes ver as libertarias en grupos, sumidas en discusións animadas ou absorbas en xogos apaixonados. Porque o xogo é sagrado en Libertaria: non é raro ver unha médica saltando á corda para se relaxar antes da consulta, ou dous avós charlando sen pisaren raia no chan. Ninguén é discriminado pola súa idade: xentes ancianísimas viven namoros apaixonados cada

primavera e as crianzas participan nas decisións políticas con ese sentido común que se perde tanto na vida a medida que se usa.

O apego á propia cidade vese por estas terras tan merecedor de respecto como todos os amores libres. Actualmente ninguén come animais en Libertaria porque a ninguén lle gusta achar ollos no prato nin pensar que o seu alimento contén, silenciados, os berros dun corpo que antes estaba vivo. Os matices instálanse na montaña, onde atopan recunchos dos que se pendurar para resistiren ao pensamento único e ás hexemonías de poder. A tenrura cultívase en testos para que, por minúsculo que sexa o cuarto que habite, toda a cidadanía goce dela como dunha conquista social. En Libertaria recocíñanse os mitos antigos, ouvidos desde a infancia, para constituír referencias colectivas xunto coas achegas que levamos os viaxeiros e que, coa humidade ambiental, acaban por se diluír no aire que respiramos. O resultado é un caldo con que se alimenta os famentos de curiosidade, que son lexión. En Libertaria entreteñen os recreos nos colexios elaborando manuais de guerrilla da comunicación para faceren performances radicais e se dedicaren, como corresponde, á sabotaxe cultural. Nin sequer cos máis vellos ou respectados se usa o tratamento de vostede, temerosas como se mostran as xentes libertarias de

que a cortesía reproduza un mundo con diferenzas de estatus. Antes de entregaren as chaves dunha vivenda en Libertaria, póñenlle librarías de obra, igual que lle instalan sanitarios, porque calquera pode verse sorprendido por necesidades perentorias de lectura.

En Libertaria non se permiten os transxénicos para que a terra sexa tan salvaxe e pródiga en malas herbas como sexa posíbel. Aínda que as colleitas sexan por iso pequenas, non hai mágoa ningunha, que todo o mundo aprendeu a se alimentar de bagos silvestres e, se o viaxeiro se sorprende, rin as xentes libertarias abertamente e aínda troulan con que é a primavera quen lles fai o traballo sen o saber.

Por se pensas procurala nun mapa, Libertaria non está por ningures; é unha cidade en construción. Hai quen di tela visto por Fisterra, ou abaixo e á esquerda, onde está o corazón. Mais o camiño para se achegar a ela é distinto para cada viaxeiro, para cada curiosa. Tanto, que ás veces a cidade enteira paira entre as nubes, agarrada dunha soga que a amarra ao planeta. Disque cambia de rota como os navíos e, aínda que este extremo non foi comprobado, sería moi natural. Libertaria é unha cidade en construción. Mais e posíbel mudarse alí. “Non te conformes”, lerás nun cartel ao entrares na cidade... e saberás que estás en Libertaria.